



AULA VIRTUAL

aula.omundoquequeremos.org

GUÍA PARA PROFESORADO

PARADA 6:

COÑECENDO AS ACTIVISTAS DO SUR

1. [COMO ACCEDER Á AULA](#)
2. [TRABALLO EN GRUPOS](#)
3. [TEMPORALIZACIÓN e RECURSOS](#)
4. [COMO ACCEDER AOS OBRADOIROS](#)
5. [PARADA 6: COÑECENDO AS ACTIVISTAS DO SUR](#)



COMO ACCEDER Á AULA

Acceso á aula virtual de O mundo que queremos: <https://aula.omundoquequeremos.org/>

Empregade os usuarios e contrasinais do arquivo que vos enviamos previamente vía mail:

- **Alumnado:** é importante que non modifiquen o seu nome de usuario, mail e/ou contrasinal. Estes son datos que precisamos nós para o seguimento da participación e para a documentación que presentamos á Xunta. Se hai alguén que os modifica, pregámosvos que nolo fagades saber para resetealo.
- **Profesorado:** ao entrades, pódese modificar o voso contrasinal se así o queredes. Xa que os vosos mails si que son reais, sempre podedes volver a recuperar os datos de acceso dende aí.

O profesorado está matriculado nos obradoiros co rol de "Estudiante"; xa que sodes case 500 usuarios e usuarias no Moodle, énos máis doado facelo así. Se hai alguén entre vós que queira que lle asignemos outro rol nun curso concreto ou no sistema, podedes contactarnos para facelo.

TRABALLO EN GRUPOS

Aínda que as actividades deste obradoiro pódense facer de xeito individual ou grupal, o **alumnado traballará en equipos na práctica final:**

- Podedes facer os grupos seguindo obxectivos propios da vosa programación didáctica ou para traballar habilidades sociais (é dicir, o profesorado define os grupos de traballo)
- Poden facer os grupos por intereses: prestade atención a que non sexan moi numerosos, 4 ou 5 persoas como máximo en cada un.
- Poden facer os grupos por amizades, pero igual que na anterior opción, que non sexan moi numerosos, 4 ou 5 persoas como máximo en cada un.

TEMPORALIZACIÓN e RECURSOS

Estes obradoiros sobre activismos están pensados para ser traballados durante **dúas sesións de 50 minutos** cada unha, é dicir, para 100 minutos.

O profesorado pode elixir como os distribúe: poden ser unha mestura de presencial e traballo na casa, dúas sesións seguidas, ou dúas sesións seguidas.

Se só tedes 50 minutos para este obradoiro, lembrade que hai actividades que non son obrigatorias, é dicir, podedes elixir facelas na clase, que as fagan na casa ou simplemente que o alumnado decida se quere facelas ou non.

Tede en conta que calculamos uns 20 minutos de traballo en grupo para consensuar as preguntas, primeiro en grupos pequenos e finalmente en grupo clase. Finalmente, terán que enviar as preguntas (explicamos esta tarefa máis abaixo)

Todo o material inclúe vídeos de Youtube; **pregámosvos que comprobades que se poden reproducir nos ordenadores ou tablets do alumnado**. Isto axudaravos tamén a planificar que tarefas terán que facer na aula e cales terán que ser feitas na casa (ás veces, os ordenadores dos centros educativos non permiten reproducir os vídeos de Youtube)

COMO ACCEDER AOS OBRADOIROS

Despois de accedermos á aula, veremos esta imaxe (lembrade que é un *slider* e a galería cambia automaticamente: use as frechiñas dentro dos círculos verdes para movervos a esquerda ou dereita)



Facede clic no botón "COMEZAR" para acceder ao obradoiro.

Tamén podedes acceder dende o menú despregable da parte superior dereita, "Curso 21-22"



PARADA 6: COÑECENDO AS ACTIVISTAS DO SUR

O obradoiro ten unha estrutura similar aos anteriores:

- **Introdución ao obradoiro:** texto que presenta o tema a traballar.
- **Actividades:** secuencia de actividades a desenvolver. Isto **é unha proposta de traballo, pero o profesorado pode decidir se o alumnado ten que facelas todas ou se prefire priorizar algunhas** en concreto.

En varias hai vídeos e ligazóns para ampliar información: non é preciso que o vexan todo se non lles dá tempo, todo este material pretende simular unha contorna dixital onde o alumnado ten moitos *inputs* informativos e terá que traballar a súa competencia para buscar, atopar e seleccionar o máis relevante segundo as súas necesidades.

Aínda que, se tedes o tempo e o interese, o desenvolvemento desta secuencia está pensado para uns **80 minutos de traballo aproximadamente**.

- **Practica: preparar unha entrevista.** Para rematar, hai que enviar unha serie de preguntas dirixidas a facer unha entrevista. Esta actividade está pensada para

traballar durante **20 minutos aproximadamente**: toma de decisións, diálogo e intercambio, posta en común...

ACTIVIDADE 1 | ACHEGÁMONOS A EL SALVADOR

Esta primeira actividade é unha secuencia de exercicios autocorrixibles que teñen o obxectivo de coñecer un pouco mellor o país de orixe das activistas que nos visitarán no seguinte obradoiro (Parada 7), preguntando sobre xeografía, clima e vexetación, comida e economía.

A última parte está dedicada á desigualdade social: o obxectivo é que o alumnado reflexione sobre este concepto o desigual reparto dos recursos na sociedade.

Ao final, introdúcense dúas ligazóns para traballar sobre o “Índice de Desenvolvemento Humano”, relacionado con esta idea de que a pobreza non é só a falta de recursos ou a inestabilidade política, senón que se mide en torno a un conxunto de factores moi amplo.

ACTIVIDADE 2 | HIP HOP E DEREITOS HUMANOS

Para esta segunda actividade, baseada na letra dunha canción, tedes dúas opcións:

- a) Cada persoa usa os seus propios auriculares para escoitala dende o seu dispositivo.
- b) Reproducila dende o ordenador e os altosfalantes da profesora ou do profesor para que toda a clase poida escoitala ao mesmo tempo.

A continuación, centraremos a atención sobre a letra cunha actividade de arrastrar ás palabras da columna da dereita aos ocos baleiros do texto.

ACTIVIDADE 3 | MÚSICA E CINE POLA VIDA E A SAÚDE DAS MULLERES

Nesta actividade, comezamos a poñer o foco sobre os dereitos sexuais e reprodutivos, a partir da análise da letra da canción e das palabras clave da actividade anterior (ao facerdes clic sobre as iconas verdes de “Información”, abríranse unhas ventás con breves textos)

Ao final, recomendamos ver o trailer de En deuda con todas, película documental que aborda as consecuencias da penalización do aborto en El Salvador. A banda sonora está

composta por cancións de Hip Hop en Femenino, colectivo ao pertencen as activistas que nos visitarán na parada 7.

Tamén ofrécese a posibilidade de, en caso de haber interese por parte do alumnado ou do centro, de organizar un vedefórum para visionar a película completa (toda a información para facer isto podédela atopar [nesta ligazón](#))

ACTIVIDADE 4 | OS DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS

Nesta cuarta actividade afondaremos nos dereitos sexuais e reprodutivos como parte dos dereitos humanos universais, e como afectan á vida e á saúde das mulleres en todo o mundo.

Para ter unha visión global disto, recomendamos acceder ao mapa interactivo do Centros polos Dereitos Reprodutivos para ter unha visión xeral da situación dos mesmos a nivel global e para reflexionar en grupo-clase sobre o impacto da lexislación ao respecto nas vidas das mulleres e nos dereitos humanos.

ACTIVIDADE 5 | ACTIVISMO MUSICAL: MÁIS ALÓ DO HIP HOP

Tras coñecer o país de orixe das activistas que nos visitarán e tras reflexionar sobre o eixo principal da súa loita, queremos poñer de manifesto o valor da música como ferramenta de cambio social.

Nesta ocasión, antes de afondar nas nosas protagonistas, ofrecemos unha galería de imaxes doutras profesionais da música co obxectivo de investigar sobre elas, buscar información en Internet e escoitar a súa música. Esta actividade tamén é optativa, pero consideramos que é moi recomendable para o alumnado, xa que podemos poñer en valor outras propostas culturais con perspectiva de xénero e coa xustiza social como bandeira:

- Divídide a clase en grupos
- Asigne unha ou dúas cantantes a cada grupo.
- Pedídelles que busquen información e a canción máis coñecida.

ACTIVIDADE 6 | ENTREVISTA GRUPAL A HIP HOP EN FEMENINO



Aquí xa nos centramos na figura de Yezli Mic e Queen MC, que serán as activistas que nos visiten. Para guiar o traballo do alumnado e facilitar o desenvolvemento da sesión na parada 7, propoñemos preparar unha entrevista grupal de toda a clase.


Nesta actividade tamén achegamos unha proposta de dinámica de traballo e algunhas ligazóns para coñecer mellor as nosas protagonistas antes de elaborar as preguntas:

- 1. Facede grupos de 3 ou 4 persoas como máximo**
- 2. Investigade nas redes sociais e en Internet para coñecelas un chisco mellor.**
- 3. Preparade cando menos 3 preguntas por cada grupo.**
- 4. Poñede en común co resto da clase: hai algunha repetida? Pode haber preguntas pouco axeitadas ou relevantes?**

Como atopar información sobre elas? Aquí algunhas ideas:

- [Videoclip: no more violence](#)
- [Somos mujeres, somos raperas](#)
- [Mujeres artistas cantan para reivindicar sus derechos.](#)

Como facer unha boa entrevista?



Finalizamos esta actividade con algúns consellos para preparar estas preguntas.

ACTIVIDADE 7 | ENVÍO DAS PREGUNTAS

Para rematar, cada grupo debe enviar as súas preguntas que quedarán rexistradas na plataforma. Se queredes acceder ao envío destas actividades, tedes dúas opcións:

- a) Contactade con nós para vos demos o rol de "Profesor" na aula, logo poderedes acceder aos resultados das actividades.
- b) Contactade con nós para que vos enviemos un documento con estes resultados.